CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

Deputación DA CORUÑA

EMPRESA
O Mercamelide de inverno celebrarase o 17 e 18 de febreiro P3

COMARCA
O PP de Santiso demanda o arranxo da rede de sumidoiros de Arcediago P14

LECER
Os concursos de disfraces e os desfiles marcan o Entroido na comarca P21

ENTREVISTA



Alberto Seoane Mato, Disfruta P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIV - Nº 145. Febreiro 2018. Distribución gratuíta

Finaliza a cesión dos terreos para o futuro centro de saúde de Melide

Trala derrogación no último pleno dos acordos anteriores sobre as parcelas, o Concello de Melide conta, dez anos despois, cun soar en disposición de ceder ao Sergas para a construción do futuro centro de saúde. Este último trámite remata coas discrepancias xurídicas xurdidas entre a Dirección Xeral de Urbanismo e o propio Concello. Dende a oposición amosaron a súa indignación ante a dilación no tempo dos trámites. P11



Miguel Buján toma posesión como alcalde de Toques



O socialista volve á alcaldía en substitución do seu socio de goberno do BNG, José Ángel Penas, tal e como acordaran tralas eleccións municipais de 2015. P14

Alumnos de Melide participan nunha conexión coa Antártida



Trinta alumnos de quinto de primaria do CEIP NºI de Melide coñecen en directo a Antártida grazas a unha conexión coa base Gabriel de Castilla. P10

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

28 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

O maltrato aos proxenitores



Recentemente coñecemos os datos da última memoria da Fiscalía Xeral do Estado, onde se recolle que o 12% das infraccións penais cometidas por menores de idade están relacionadas coa violencia doméstica. É máis, no ano 2016 os delitos atribuídos a menores en Galicia foron máis de 2.000, dos cales un total de 242 están vinculados a agresións físicas ou psicolóxicas, na maioría dos casos, de fillos a pais. A maiores, 16 mozos chegaron a ser xulgados nun ano por violencia machista.

A simple vista poden parecer datos insignificantes, pero está claro que algo falla na nosa sociedade. Algo estamos facendo mal cando un mozo ou unha adolescente que deberían estar vivindo unha das mellores etapas da súa vida, agriden aos seus proxenitores ata tal punto que os pais rematan por denunciar a situación.

Todos fomos adolescentes e sabemos o complexa que pode chegar a ser esa etapa, mais como di o refrán "o vimbio dobra cando é novo". En que se traduce iso? En que na educación que recibimos dende pequenos está unha das claves, pois unha conduta asumida ao longo de anos será imposible modificala en días.


A miúdo vemos pais sobreprotexendo aos seus fillos por medo a que se traumaticen con cuestións que deberían ser secundarias, sen darlle a oportunidade de aprender a resolver os pequenos conflitos por si mesmos. E a miúdo vemos tamén o caso contrario, pais que por diferentes motivos non dispoñen do tempo suficiente para dedicarlle aos seus fillos.

Partindo da base de que ser pai ou nai, sobre todo hoxe en día, é unha das tarefas máis complicadas, cabe reflexionar sobre a educación que inculcamos aos nosos menores e o tempo que lle dedicamos. Non se trata de buscar culpables nin castigos, senón de sumar apoios no ámbito familiar, dos amigos e tamén escolar. Entre todos debemos ser capaces de atopar solucións a un problema social cada vez máis frecuente para que non remate da peor maneira posible. E por suposto, de existir algún problema non tratar o tema como algo tabú. Apuntan os expertos a que en moitos dos casos non se denuncia por vergonza ou por un sentimento de culpa, cando o primeiro paso para tratar de solucionar un conflito é recoñecer que o hai. Paremos un momento entón e reflexionemos entre todos cara onde imos e cara onde queremos ir, pero sobre todo cara onde queremos que vaian os nosos menores.

Tribuna de opinión

O beneficio da dúbida

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



A construción dun novo centro de saúde en Melide ía camiño de converterse noutra historia interminable. Dicimos "noutra" porque todos lembramos o que aconteceu coas obras da autovía A-54 ao seu paso pola vila e a súa demora; e dicimos "ía" porque por fin se vai a materializar este proxecto. Ou polo menos así o anunciou o presidente da Xunta de Galicia o pasado 25 de xaneiro no Consello do Goberno Galego, onde se comprometeu a construír 18 novos centros de saúde -incluído o de Melide- e a realizar ampliacións e melloras noutros dous de aquí ao 2020, ano no que remata a lexislatura.

Poderíamos deixar aí o tema e darnos por satisfeitos, pois ante tal afirmación nada nos debería facer dubidar de que por fin a execución deste proxecto está cada vez máis preto de transformarse nunha realidade. Non obstante, coa celebración do Entroido polo medio... non podería pensar alguén que se trata máis ben dunha mofa?

Deixando o sarcasmo a un lado e botando unha ollada aos datos o certo é que hai razóns máis que suficientes para dubidar dun compromiso adquirido cos veciños de Melide que data xa do ano 2011. Sete anos anunciando, prometendo e orzando sen que finalmente chegase a materializarse proxecto algún. Resulta cando menos curioso que agora sexan capaces de levantar 18 novos centros de saúde en dous anos, cando nin sequera foron quen de comezar un en sete anos.

A ninguén se lle escapan os sucesivos recortes aplicados á sanidade pública que fan da precariedade unha constante cada vez máis habitual neste servizo, nin moito menos a proximidade das eleccións municipais e autonómicas. Así que, unha vez máis, permitámonos dubidar das promesas que, oxalá, non queden esta vez nun simple anuncio.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Asociación Veciñal Melidá, Xosé Núñez
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Yolanda Pampín Gil
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....10
-COMARCA.....14
-CULTURA E LECER.....19
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

Mercamelide celebra a súa XXI edición o 17 e 18 de febreiro

Na feira de oportunidades melidense participarán unha vintena de comercios e sortearanse tres vales de compra por valor de 500 euros

Chega o mes de febreiro e un ano máis, fieis á tradición, celébrase unha nova edición da feira de oportunidades do comercio de Melide, o Mercamelide de inverno, que nesta ocasión terá lugar a fin de semana do 17 e 18 de febreiro. O número de comercios participantes, que tiveron ata o pasado luns 5 de febreiro para inscribirse, aproxímase á vintena e como vén sendo habitual o evento celebrarase no Palacio de Congresos e Exposicións de Melide.

Ao longo de dous días os comerciantes aproveitarán en horario ininterrompido de 11h. da mañá a 20h. da tarde para vender os seus stocks da temporada de outono/inverno. Mercamelide chega así a súa edición número 21 consolidándose como unha boa oportunidade para comprar a mellor calidade ao mellor prezo, dúas características definitorias desta feira de saldos.

Á feira, que está organizada polo Concello de Melide en colaboración coa Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem), acoden comercios de diferentes sectores como son fogar, alimentación, téxtil, zapaterías ou perfumería. Durante a fin de semana sortearanse tres vales de compra por valor de 500 euros, o primeiro o sábado ás 19.00 horas, o segundo o domingo ás 14.00 horas e o terceiro e último tamén o domingo ás 19.00 horas. Así mesmo, os cativos poderán gozar de diferentes actividades infantís dende as doce do mediodía do sábado e ao longo da tarde como son un toro mecánico, un obradoiro de pizzas e marionetas. Cabe destacar que nesta ocasión tamén está prevista unha degustación de chocolate xunto con un doce elaborado polos membros da Asociación de Repostería Melide Terra Doce.

Reunión previa

Concello e empresarios, non só de Asetem, mantiveron unha reunión de traballo para poñer en común as necesidades organizativas desta vixésimo primeira edición do Mercamelide. Entre outras accións cabe destacar a petición de abrir e estender aínda máis a feira de oportunidades a todo tipo de sectores como por exemplo poden ser o do automóbil, a estética ou o moble. Sectores que en edicións pasadas xa participaron.

Na última edición do Mercamelide de inverno, en febreiro de 2016, a feira de saldos local demostrou a vitalidade coa que conta, pois ademais de seguir sendo fiel á súa esencia orixinal como feira de saldos consolidouse tamén como espazo de promoción e/ou presentación de novas empresas e negocios. Ademais, o nivel de vendas a nivel global foi dos mellores.



Sexa cal sexa o sector, os comerciantes aproveitan a feira de saldos de Melide para amosar o mellor do seu xénero ao mellor prezo



A cea de confraternidade que organizan os empresarios será o venres 23 de febreiro

O vindeiro venres 23 de febreiro a Asociación de Empresarios Terra de Melide celebrará un ano máis a súa tradicional cea de confraternidade con todos os socios e socias. O acto terá lugar no Hotel Carlos 96 de Melide ás 21.30 horas. "Trátase dun evento que nos sirve para confraternizar, vernos nun ambiente distendido e gozar dunha noite agradable aparcando por uns momentos o traballo", comenta o presidente de Asetem, Manuel Vázquez. Ademais de ás autoridades habituais, este ano invitouse ao evento ao presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso. Cada asociado, que conta con dúas invitacións, ten de prazo ata o luns 19 de febreiro para recollelas na sede de Asetem. A cea que organiza a patronal adoita reunir a preto de 150 persoas.



Socias de Asetem que asistiron á cea de confraternidade celebrada a finais de 2016

Asetem xa traballa na organización da pasarela de moda, que será o 14 de abril



Un momento do desfile na pasarela de outubro de 2017

Haberá cuarta edición da pasarela *"Melide está de moda"*, e é que a celebración das tres anteriores deixou bo sabor de boca e interese por darlle continuidade a esta iniciativa. Sobre esa base Asetem traballa xa na organización dun novo desfile que se celebrará o sábado 14 de abril, e que servirá para presentar as coleccións de primavera-verán do comercio local. Entre as principais novidades, dende a asociación prepárase unha acción publicitaria a nivel provincial e non só da pasarela, senón de todos os sectores comerciais de Melide e da súa apertura os domingos. Na última edición da pasarela en 2017 participaron 14 tendas e máis de 50 modelos de Melide e comarca.

Asetem entrega os premios da campaña de Nadal

Todo comezo require un remate. A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem) púxolle punto e final á campaña de Nadal coa tradicional entrega de premios, que se realizou o 2 de febreiro na sede da patronal coa participación de clientes agraciados e comerciantes. Este ano quedou un só premio deserto ao non aparecer o número principal nin o reserva do 6º premio de 500 euros. Foi repartido na cafetería Stop (12.891), e o reserva na óptica Alain Afflelou (1.676). Os afortunados, que contan cun prazo de 15 días dende a recepción do premio para gastar os seus vales, deberán facelo no comercio de Melide, que recibirá deste xeito unha pequena inxección económica.



Floristería Tarrío, Cristina Vázquez (Toques) e o presidente de Asetem



Librería Cousas, José R. García (Melide) e o presidente de Asetem



Ferretería Noguerol, Mª José Costoya (Melide) e o presidente de Asetem



Xoiería Roval e Matilde Pallares (Santiso)



Supermercados Gómez Covirán, Mª Ángeles Varela (Melide) e o presidente de Asetem



Calzados Broz, José Antonio Castro (Toques) e o presidente de Asetem



Xerente e presidente de Asetem con Juan Carlos Fernández (Melide), premio adicional o día do sorteo

POR SER DE XUSTIZA

O consumo e a tenza de drogas



Eva Novás
Avogada

Non todo o consumo e tenza de drogas constitúe un delito pero iso non quere dicir que non poida sancionarse igualmente en vía administrativa. No ano 2015 aprobouse a Lei de Protección da Seguridade Cidadán, que foi bautizada popularmente como "Lei Mordaza". Nela establecéronse unha serie de sancións para o que se considerou unha infracción grave, que consiste no consumo ou a tenza ilícita de drogas tóxicas, estupefacientes ou sustancias psicótropas, aínda que non estean destinadas ó tráfico, en lugares, vías, establecementos públicos ou transportes colectivos, así como o abandono dos instrumentos ou outros efectos empregados para o consumo en ditos lugares. Ollo, porque tamén infrinxen a lei os que toleran estes feitos e considérase unha infracción grave a tolerancia do consumo ilegal ou do tráfico de drogas en locais ou establecementos públicos ou ben a falta de dilixencia para impedilo por parte dos seus propietarios, encargados ou administradores.

Nestes casos a multa imponse en atención a unha gradación que á súa vez depende das circunstancias dos feitos: Tense en conta se se trata da primeira vez ou existe reiteración, así como o grado de culpabilidade, o beneficio que se puido obter, a capacidade económica do autor ou a maior ou menor alteración que os feitos supuxeron para a seguridade cidadán e a orde. Pero, para facernos unha idea, no caso de que se acredite unha infracción deste tipo e aínda que concorran todas as circunstancias favorables, como que se trate da primeira vez, a multa pode oscilar entre os 601 e os 10.400 euros, podendo chegar nos casos máis graves ata os 30.000 euros. A lei creou un Rexistro Central de Infraccións contra a Seguridade Cidadán que permite saber se alguén xa foi sancionado anteriormente, de cara a agravar a multa pola reincidencia. E se no momento da sanción se comproba que a persoa xa foi sancionada polo mesmo motivo nos dous anos anteriores, a multa xa estaría entre os 10.401 e os 20.200 euros.

Todo isto dentro da vía administrativa e sempre que a tenza das drogas non constitúa un delito contra a saúde pública, ou tráfico de drogas, no que as penas impostas xa son de cárcere. En ambos casos, entre outros moitos indicios ou circunstancias que se deben valorar, como é a posibilidade de acreditar a toxicomanía da persoa, préstase atención á cantidade de droga incautada para poder determinar se se considera destinada ó autoconsumo ou ó tráfico. Existen por tanto unhas cantidades mínimas aproximadas, que varían en función da droga da que se trate e que nun principio permitirían marcar a fronteira entre a sanción administrativa e o delito. Para determinar estas cantidades aténdese ás doses de consumo habitual, a frecuencia de uso diario e á cantidade aproximada que se aprovisiona para tres ou cinco días de consumo. Así, por exemplo, o autoconsumo na cocaína serían 7,5 gramos, na heroína 3 gramos, na marihuana 100 gramos, 25 gramos no caso do haxix ou 1,440 miligramos no do MDA ou MDMA.

Se os feitos son delito, é evidente que se fai imprescindible a defensa. Pero non é menos necesaria no ámbito administrativo, onde un correcto asesoramento e defensa durante o procedemento pode marcar unha diferenza moi grande na gradación final da sanción.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

Un programa para facilitar a busca de emprego entre os menores de 30 anos

Ao longo de tres meses desenvolverase en Melide o programa Son Emprendedor que persegue, entre outros obxectivos, facilitarlle aos mozos novas ferramentas para a busca de emprego. Os requisitos para poder participar neste programa son ser menor de 30 anos e estar inscrito no sistema de Garantía Xuvenil, sendo indiferente o tipo de formación que posúan.

Tal e como explicou a coordinadora do proxecto, Rosa Corral, "o programa atende a dúas vías da mellora da empregabilidade nas persoas novas; unha das liñas é o traballo en materia de empregabilidade por conta allea, na que traballamos con eles todos aqueles aspectos relacionados coas ultimas tendencias que se están a traballar agora dende as áreas de recursos humanos para atopar eficazmente o emprego, como por exemplo o habitual currículo e como facelo para saber venderse, e a outra vía que temos aberta dentro do programa é a de empregabilidade por conta propia, a través do desenvolvemento dun proxecto a través do cal ti xeres a túa propia alternativa de emprego".

A estrutura do programa consiste en dez sesións de formación de carácter colectivo, apoiadas cada unha delas nunha posterior titoría individualizada con cada unha das persoas que acudan ao programa, e que contarán con titores expertos en temas de empregabilidade, creación de empresas etc.

A terceira parte do programa, o *mentoring*, está destinado a aquelas persoas que teñan a iniciativa e inquietude de crear o seu propio proxecto, contando así coa posibilidade durante un mes, repartido en 30 horas de traballo tamén individualizadas e con un mentor, de traballar no seu plan de empresa de principio a fin.

O programa Son Emprendedor, que foi presentado o 6 de febreiro en Melide, ten aberto o prazo de inscrición ata o 15 de febreiro. Pola súa parte, as sesións comezarán o 20 de febreiro. As persoas interesadas en participar poden anotarse a través do servizo de orientación laboral do Concello de Melide, ou ben a través da páxina web da Red Araña http://www.empleoenred.org/

A Xunta preséntalle á Federación Galega de Comercio as liñas de apoio para 2018

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, mantivo unha xuntanza co presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas, para coñecer de primeira man as propostas deste colectivo e para presentarlle as axudas e iniciativas da Xunta para 2018 dirixidas ao fomento da actividade comercial. Conde destacou o impulso do Goberno galego a este sector, que apoiará en 2018, entre outras actuacións, cunha liña de axudas dotada con preto de 4,5 millóns de euros para a modernización e impulso do pequeno comercio e dos obradoiros artesanais galegos a través de tres iniciativas que abranguen desde proxectos de expansión comercial e novas fórmulas de comercialización; dixitalización e modernización de empresas comerciais e artesanais; ata programas da competitividade da artesanía galega. O obxectivo destas convocatorias é ofrecer un valor engadido ao comercio galego, vencellando o seu crecemento, expansión e modernización ás novas canles de comercialización, utilizando a innovación, o *social commerce*, e a mellora da imaxe, como factores para facer máis competitivo o tecido comercial de Galicia. Entre as axudas publicadas no Diario Oficial de Galicia (DOG) o 1 de febreiro (que xa poden solicitarse), están as destinadas a proxectos de expansión comercial e novas fórmulas de comercialización no sector comercial e artesanal, tamén á dixitalización e modernización de empresas comerciais e artesanais, e as destinadas ao fomento da comercialización da artesanía galega e impulso da competitividade do sector artesán.

SUBVENCIÓNS E AXUDAS DE INTERESE PARA OS ASOCIADOS

CREACIÓN DE EMPRESAS PARA ACTIVIDADES NON AGRÍCOLAS EN ZONAS RURAIS-GALICIA RURAL EMPRENDE. (DOG 18 DO 25/01/2018)

Proxectos de creación de emprego nas zonas rurais mediante axudas á primeira implantación e desenvolvemento de novas actividades económicas non agrarias. Os proxectos non deben estar empezados antes da solicitude da axuda. **Beneficiarios:** Titulares de explotacións agrarias, ou membros da unidade familiar destes, que diversifiquen as súas actividades en ámbitos non agrícolas; pemes de nova creación ou que inicien unha actividade distinta; e persoas físicas que residan nunha zona rural, ben para crear unha nova empresa, ben para iniciar unha nova actividade na empresa existente. **Obrigas:** manter a inversión ligada ao proxecto e mantemento de emprego de 3 anos. **Contía:** 20.000 euros, incrementable segundo a inversión realizada, o número de persoas empregadas e localización do proxecto, podendo chegar a 70.000 euros. **Prazo:** ata o 25/03/2018.

MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DOS ESTABLECEMENTOS TURISTICOS DE ALOXAMENTO (DOGA Nº 16 DO 23/01/2018)

Actuacións subvencionables: As destinadas a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, melloras das instalacións para obter a Q de Calidade Turística, actuacións para incremento de categoría do establecemento, mellora da climatización, renovación e modernización das instalacións e renovación dos equipamentos mobles. **Beneficiarios:** Pemes titulares de establecementos turísticos de aloxamento con autorización ou clasificación conforme a normativa turística no Rexistro de Empresas e Actividade Turísticas da Xunta de Galicia, e con unha antigüidade mínima de 5 anos. **Obrigas:** manter a actividade subvencionada un mínimo de 5 anos. **Contía:** ata o 35% da inversión e como máximo 35.000 euros. **Prazo:** ata o 23/02/2018.

AXUDAS Á PROMOCIÓN DE EMPREGO AUTÓNOMO E AXUDAS A PERSOAS TRABALLADORES AUTÓNOMAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS ASALARIADAS (DOGA nº 19 DO 26/01/2018)

Programa I: PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

Beneficiarios: Persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego, que causen alta en autónomos entre o 1 de outubro de 2017 e o 30 de setembro de 2018. **Obrigas:** Realizar a actividade durante dous anos. **Contía:** 2.000 euros podendo chegar ata 8.000 euros dependendo do colectivo. **Prazo:** ata o 30 de setembro.

Programa II: AXUDAS A PERSOAS TRABALLADORES AUTÓNOMAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS ASALARIADAS

Beneficiarios: Autónomos pola primeira contratación que fagan con carácter indefinido durante o primeiro ano de actividade, ou pola segunda e terceira contratación con carácter indefinido nos tres primeiros anos de actividade; realizadas entre o 1 de outubro de 2017 e o 30 de setembro de 2018. **Obrigas:** manter a persoa contratada 2 anos, así como o cadro de persoal fixo. **Contía:** 3.000 euros para a primeira persoa e 5.000 euros para a segunda e terceiras, que se poden incrementar dependendo dos colectivos con un máximo de 10.000 euros para a primeira persoa e 14.000 euros para a segunda e terceiras.

Prazo de solicitude:

.- Para contratos para os contratos celebrados entre o 01/10/2017 e o 26/01/2018, ata o 26/03/2018.

.- Para contratos feitos a celebrados dende o 27/01/2018 teñen de prazo ata o último día do segundo mes seguinte a data de contratación, e como máximo 30/09/2018.

PROGRAMA DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO NAS PEQUENAS EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN (DOGA 19, DO 26/01/2018)

Beneficiarios: Empresas privadas de carácter mercantil. Requisitos, entre outros: De nova creación (inicio da actividade dende 01/08/2017) // Que xeren emprego estable para persoas desempregadas // Promovidas, como máximo, por 5 persoas e que entre os socios non figure ningunha persoa xurídica // Capital máximo de 120.202 euros // Que, como mínimo, o 50% do capital social pertenza a persoas desempregadas que creen o seu propio posto de traballo na empresa. // Tamén poderán ser beneficiarias as empresas privadas que obtivesen a cualificación de Iniciativa Local de Emprego (ILE)

Tipos de axuda: Subvención á xeración de emprego estable; Subvención para formación; Subvención para inicio da actividade; Subvención para conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras. **Prazo de solicitude:** Ata o 31/07/2018 **Obrigas,** entre outras: manter a forma xurídica e a actividade durante 2 anos.

PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN NA EMPRESA ORDINARIA (DOG 24, DO 02/02/2018)

Tipos de axuda: .- Bono de contratación. Contratacións indefinidas iniciais e contratacións temporais cunha duración mínima de doce meses realizadas con desempregados de longa duración, persoas con discapacidade e persoas en risco de exclusión social, ou con persoas procedentes dun centro especial de emprego, que se formalicen dende o 01/10/2017 ata o 15/10/2018. Contía dos incentivos: dende 4.000 euros ata 8.000, segundo o colectivo ao que se pertenza o traballador. Obrigas, entre outras: manter a contratación durante un ano.

.- Bono de formación, das persoas contratadas ao abeiro desta axuda, que se realice nos tres primeiros meses de contratación, cunha duración mínima de 50 horas en contidos relacionados co posto de traballo. Contía: 1.000 euros por persoa contratada que reciba a formación. Entidades beneficiarias: Autónomos e empresas, calquera que sexa a forma xurídica, sociedades civís e comunidades de bens. **Prazo de solicitude** do bono de contratación: 1 mes dende a data de formalización do contrato, máximo ata o 15/10/2018.

SUBVENCIÓNS PARA A DIXITALIZACIÓN E MODERNIZACIÓN DE EMPRESAS COMERCIAIS E ARTESANAIS (DOG. 23, DO 01/02/2018)

Beneficiarios: persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica, que sexan comerciantes retallistas de alta nalgún dos epígrafes da orde da axuda e desenvolvan a súa actividade comercial nun establecemento con superficie de venda ata 300 m2 (agás IAE 653.1); ou titulares de obradoiros artesanais, inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. **Actuacións subvencionables**, realizadas entre o 01/01/2018 e o 30/10/2018:

1) Implantación de solucións dixitais, en concreto:

a) Implantación ou actualización de páxinas web comerciais e a mellora da imaxe en liña dirixidas á comercialización dos seus produtos. Investimento máximo: implantación páxina web (1.000€, IVE excluído), implantación páxina web con venda en liña (4.000 €, IVE excluído); mellora da páxina web con venda en liña (1.000€, IVE excluído). Contía: 50% do investimento.

b) Implementación dun packaging para a venda en liña. Investimento máximo, 5.000€ (IVE excluído). Contía: 50% do investimento.

c) Ferramentas de xestión comercial. Investimento máximo, 3.000€ (IVE excluído). Contía: 50% do investimento.

d) Servizos de xestión de redes sociais, no marco do programa Social Commerce.

2) Proxectos de modernización do local, incluídos nun proxecto de decoración e interiorismo, concretamente:

a) Obras de reforma e acondicionamento integral da superficie de exposición e venda.

b) Moblaxe e equipamento especializado para a exposición do produto, de uso exclusivo na zona de exposición e venda.

c) Mellora da fachada exterior do local, instalación de toldos, carteis, letreiros ou similares.

O investimento do conxunto destas actuacións deberá estar entre 15.000 e 30.000€, IVE excluído. O importe máximo poderá incrementarse en 2.000€ para gastos do proxecto de interiorismo e decoración. Contía: 50% do investimento.

Prazo: Ata o 01/03/2018.

SUBVENCIÓNS PARA PROXECTOS DE EXPANSIÓN COMERCIAL E NOVAS FÓRMULAS DE COMERCIALIZACIÓN NO SECTOR COMERCIAL E ARTESANAL (DOG 23, DO 01/02/2018)

Beneficiarios: Comerciantes persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica, de alta nalgún dos epígrafes da orde da axuda e desenvolvan a súa actividade comercial nun establecemento con superficie de venda ata 300 m2 (agás IAE 653.1). **Actuacións subvencionables,** realizadas entre o 01/01/2018 e o 15/09/2018:

.- Apertura dun novo establecemento comercial de carácter innovador, por comerciantes retallistas que sexan titulares doutro establecemento en Galicia e que conten cun mínimo de dous anos de actividade comercial ininterrompida. O proxecto deberá incluír o compromiso de contratación de 1 traballador durante 1 ano, como mínimo. **Gastos subvencionables:** obras de acondicionamento na zona de venda, moblaxe e equipamento de exposición da superficie de exposición e venda, mellora da fachada exterior, toldos, carteis, letreiros ou similares, así como os custos de realización do proxecto. O investimento do conxunto destas actuacións deberá estar entre 10.000 e 60.000€, IVE excluído. O investimento máximo do proxecto será 3.000€. Contía: 50% do investimento.

.- Proxectos piloto pop up para a expansión comercial, por un prazo máximo de apertura de 2 meses nun concello distinto a aquel en que o comerciante veña desenvolvendo a actividade.

Gastos subvencionables: alugueiro de local ata 2 meses, acondicionamento da superficie de exposición e venda e mellora da imaxe da fachada, adquisición ou alugamento de moblaxe ou equipamento de exposición do produto de uso exclusivo na zona de exposición e venda, transporte da mercadoría, publicidade e promoción da pop up. Investimento máximo, para o conxunto destas actuacións, 8.000€ (IVE excluído). Contía: 50% do investimento.

Subvención máxima: 1.500€ (alugueiro do local), 500€ (transporte da mercadoría), e 1.000€ (publicidade e promoción).

Prazo: Ata o 02/04/2018

Información elaborada por CC Xestión - R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo - Melide

ELABORACIÓN DE SOFÁS A MEDIDA







ELECTROSAN

C/ Martagona, 13
MELIDE
981 50 79 64
electrosanmelide@gmail.com
Electrosan

SUBVENCIÓNS DE INTERESE PARA OS ASOCIADOS

SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DA COMERCIALIZACIÓN DA ARTESANÍA GALEGA E IMPULSO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR ARTESÁN (DOG 23, DO 01/02/2018)

Beneficiarios, entre outros: Titulares de obradoiros artesanais inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, asociacións profesionais e empresariais de artesáns de Galicia.

Prazo: ata o 01/03/2018.

SUBVENCIÓNS A PROXECTOS DE INVESTIMENTO EN ACTIVIDADES NON AGRÍCOLAS (DOG 20, DO 29/01/2018)

Beneficiarios: Titulares de explotacións agrarias ou membros da unidade familiar destas, persoas físicas, microempresas e pemes situadas en zonas rurais, todos eles constituídas antes do 01/01/2018.

Proxectos subvencionables, destinados á ampliación e/ou modernización de pequenas empresas que desenvolven actividades non agrarias noutros sectores de actividade, entre eles: industria; transformación e/ou comercialización de produtos agrarios cando o produto final non estea incluído no anexo I do TFUE; servizos sociais; actividades de ocio, recreativas e deportivas; artesanía; innovación tecnolóxica, servizos técnicos, etc.

Investimento subvencionables, entre 10.000 e 300.000€ (de 5.000 a 100.000€, no caso de artesanía).

Gastos subvencionables: compra de maquinaria e equipamentos novos, execución de obra e/ou instalacións (o importe máximo neste caso será o 50% do total dos gastos subvencionables, co límite de 100.000€).

Contía da axuda: 45% dos gastos subvencionables

Prazo: 28/02/2018

SUBVENCIÓNS A PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES (DOG 21, DO 30/01/2018)

Beneficiarios, entre outros: Autónomos, empresas, entidades sen ánimo de lucro e comunidades de montes.

Obxecto: Fomento do uso das enerxías renovables, mediante instalacións de equipamentos que utilicen a biomasa como combustible e instalacións xeotérmicas, aerotérmicas e solar térmicas.

Contía: dende o 50% do custe do investimento. **Prazo:** Ata o 28/02/2018.

Información elaborada por CC Xestión



A IMPORTANCIA DA SAÚDE BUCODENTAL

Clínica dental *Dr. Karim Gamil Quintela*

"O estado xeral da boca inflúe noutras patoloxías como as cardíacas ou a diabetes"



Karim Gamil

Cada canto tempo é recomendable unha visita ao dentista, cal é a importancia de coidar a saúde bucodental, que consellos básicos debemos poñer en práctica no noso día a día ou que é o que máis dana os nosos dentes. Aproveitamos que o 9 de febreiro é o día do odontólogo para resolver estas e outras dúbidas da man dun dos socios de Asetem, a clínica dental Karim Gamil Quintela.

A importancia de coidar a saúde bucodental.- "Cada día descubrimos que a saúde bucodental é máis importante, xa non só por ter uns dentes e unha boca coidada que nos permita ter unha función correcta e tamén unha estética, se non que sabemos a ciencia certa que **o estado xeral da boca inflúe noutras patoloxías como as cardíacas, diabetes, etc**. É por isto que cada vez máis médicos insisten aos pacientes para que revisen, reparen e manteñan a súa saúde bucodental nun estado óptimo co fin de previr outras complicacións a nivel do resto do corpo".

Avances nos tratamentos.- "Nos últimos anos a tecnoloxía meteuse na nosa profesión ao igual que no resto da nosa vida cotiá, cada vez contamos con mellores ferramentas para o diagnóstico, comunicación cos pacientes e tratamento dos distintos problemas. Un claro exemplo disto é que **cada día usamos máis a radioloxía en 3D para planificar os nosos tratamentos**. Coma en calquera ámbito médico a odontoloxía non deixa de avanzar buscando a comodidade, tanto do profesional coma do paciente; poñemos outro exemplo: seguro que moitos dos lectores se senten identificados cando falamos das engorrosas pastas que poñemos na boca para facer os típicos modelos cos que traballamos a miúdo os dentistas. Ben, pois unha boa noticia, pouquiño a pouco, pero cada día mellóranse aparatos para facer isto de forma dixital; para que nos entendamos, é coma se con unha cámara sacaramos fotos da boca e así evitamos usar esas pastas. Xa digo, hai moito que mellorar, pero estamos avanzando. E coma isto poderíanse dar moitos exemplos dentro dos distintos tratamentos que engloban a odontoloxía".

A visita ao dentista: cada canto tempo é necesaria unha revisión?.- "Depende do caso, adoitamos recomendar como mínimo una visita ao ano ao dentista, pero xa digo, depende moito de cada paciente. Por exemplo, nós aos nenos acostumamos a facerlle unha revisión cada 6 meses para evitar que aparezan caries nos dentes de leite ou para vixiar a aparición de problemas de tipo ortopédico que, ás veces, é conveniente empezar a tratar a idades temperás. **Falando de nenos, unha pregunta que nos fan moito é cándo é necesario empezar a revisar aos nenos na consulta do dentista. Nós aquí somos moi claros: canto antes,** primeiro por prevención, para ensinar ou corrixir hábitos de hixiene oral etc; e segundo para que se acostumen a velo como algo normal, igual que van ao medico a revisións que vexan que tamén teñen que vir ao dentista, que non nos teñan medo, ensinarlles que non lles ten que doer nada, etc. Por outro lado, as visitas dos adultos son máis dependentes do estado xeral de saúde oral, tendo que facer revisións ás veces incluso cada 3 ou 4 meses, ou podendo esperar ao ano".

O que máis dana os nosos dentes.- "O máis importante para manter uns dentes saudables é ter uns hábitos correctos de hixiene oral. Ademais disto hai outros factores que inflúen, como **por exemplo a dieta** (alimentos con moito azucre ou pegañentos como poden ser as bebidas de cola), **comer entre horas** (porque en xeral non lavamos os dentes cada vez que picamos algo), **o estrés que moitas veces provoca que apareza *bruxismo*** (o hábito, polo xeral nocturno de "apertar" a mandíbula e rechinar os dentes), **e tamén algunhas enfermidades ou incluso algúns dos tratamentos médicos que ás veces temos que tomar**. Volvemos así a darlle importancia ao tema de antes, tanto de prevención coas revisións periódicas, como da relación entre hábitos de hixiene oral e outras enfermidades".

Consellos a poñer en práctica no noso día a día.- "Falamos moito dos hábitos de hixiene oral, xa que é a mellor forma de previr problemas bucodentais, polo tanto, **é importantísimo cepillar os dentes, e tamén a forma de cepillalos**. Moitas veces facemos movementos moi fortes que poden incluso danar as nosas encías. Un fallo moi común, típico da época que vivimos, son as présas á hora de cepillar os dentes (ou de facer moitas outras cousas, parece que sempre vamos con présa e que non nos dá tempo a facer todo o que temos que facer). **É importante dedicarlle polo menos dous minutos ao cepillado de cada vez, sendo o da noite o máis importante** (isto débese a que mentres durmimos producimos menos saliva). Pero só co cepillo non conseguimos eliminar toda a placa que se forma na boca (dá igual que sexa eléctrico ou manual), é por isto que **temos que axudarnos da seda dental**, que axuda a eliminar restos e placa de entre os dentes. Ao principio pode parecer un pouco complicada de utilizar pero con axuda do dentista e práctica apréndese rapidamente. Por último, **tamén e recomendable rematar cun colutorio**. Unha recomendación que adoitamos facer no tema dos colutorios é que nos fixemos antes de compralo e que compremos un que na súa composición non leve alcohol".

Os servizos na clínica dental.- "Nós na clínica intentamos ofertar a maior cantidade de tratamentos posibles, de feito salvo cousas moi específicas, **levamos a cabo todas as distintas disciplinas que hai na odontoloxía. Atendemos tanto a nenos como a adultos e intentamos levar a cabo os tratamentos de forma integral**, é dicir, dende o mais básico ata os tratamentos mais complexos, desta maneira o paciente non ten a necesidade de moverse da clínica para facer ningún tipo de proba ou complementar o seu tratamento. Para isto cabe dicir que, dende fai moi pouco, conto coa axuda de, ademais do meu auxiliar que leva comigo dende que abrimos, outras dúas dentistas coas cales formamos un grupo de traballo no que compartir distintas opinións e elaborar os plans de tratamento máis axeitados para cada paciente".


¡PRUEBA Y VERÁS!
Te olvidarás de que llevas lentillas
Pide tu cita OnLine en afflelou.es
1 MES DE PRUEBA* DE LENTILLAS GRATIS
sin compromiso de compra
*Ver condiciones en óptica.
RONDA DA CORUÑA, 16 · MELIDE
981 50 60 97
ALAIN AFFLELOU

Unha viaxe... á Antártida!

Trinta alumnos de quinto de primaria do CEIP Nº1 de Melide participan por primeira vez nunha conexión co continente antártico

Máis de 14.000 quilómetros de distancia e unha diferenza horaria de catro horas non foron impedimento para que os alumnos de quinto curso de primaria do CEIP Nº1 de Melide realizasen unha visita á Antártida a través de videoconferencia. A iniciativa foi posible grazas á coordinación de dúas profesoras do equipo de Normalización Lingüística, Mónica e Mari Carmen, que se encargaron de poñer en marcha o proxecto "Galicia na Antártida".

O azar quixo que unha das profesoras coincidise coa nai do sarxento do exército de Terra, Javier Mosteiro, veciño da parroquia melidense de Folladela, e lle comentase que o seu fillo estaba a participar na *XXXI Campaña Antártida* xunto con outros compañeiros militares. "O seu cometido alí consiste en proporcionar apoio loxístico á investigación científica (biólogos, veterinarios, médicos) na base Gabriel de Castilla, na Illa Decepción (Arquipélago das Illas Shetland do sur), e realizar proxectos de investigación e experimentación relacionados co medio ambiente e a sanidade, entre outros campos", explica unha das profesoras.

Ante isto, "dende o centro solicitamos oficialmente ao exército de Terra unha conferencia no noso colexio da man de Javier Mosteiro, así como a posibilidade de realizar unha videoconferencia Melide-Antártida na que os nenos puideran formular preguntas aos científicos alí presentes. A resposta non puido ser mellor, xa que dende o exército de Terra facilitáronnos as cousas e colaboraron co colexio en todo momento", engade Mónica.

Tras iso, no mes de outubro pasado o sarxento melidense Javier Mosteiro impartiu unha conferencia para todo o alumnado do CEIP Nº1 de Melide, in situ e por quendas. Agora, os 30 alumnos de quinto curso de primaria foron os afortunados que puideron contactar en directo coa Antártida.

Gran expectación

Ás once da mañá (as sete na Antártida), deu comezo a conexión. A expectación e a emoción nas facianas dos pequenos delataban os nervios e a ilusión coa que agardaban o momento da transmisión. En Melide, os 30 rapaces e rapazas de quinto curso, ao outro lado da pantalla o capitán Antonio Donís e o sarxento Javier Mosteiro.

Durante case unha hora os pequenos tiveron a oportunidade de coñecer de primeira man e en directo o traballo que se realiza a través desta campaña na Antártita, así como curiosidades e datos relevantes sobre o día a día, a fauna e a flora da zona. Case sen pestanexar os nenos estiveron moi atentos a cada palabra que chegaba a aula dende a base Gabriel de Castilla. Xa na quenda das preguntas, os alumnos aproveitaron a ocasión para aclarar diferentes dúbidas.

Pero o momento máis emocionante para os cativos chegou tralas explicacións, cando a través da videoconferencia tiveron a oportunidade de realizar un pequeno paseo polo exterior, comprobar como é a superficie e ver incluso en directo como, de casualidade, un pingüín saía do mar.

Aprender coa experiencia

Tal e como explicaron dende o centro, o obxectivo principal deste proxecto foi facer transversal o que é o contido das ciencias. "O que fixemos foi aproveitar este proxecto para dar as ciencias naturais e as ciencias sociais; e a verdade é que foi un éxito porque os alumnos traballaron moitísimo, implicáronse moitísimo e aprenderon moitísimo máis", indicou Mónica. Tanto é así que "paralelamente a esta toma de contacto co continente austral, o alumnado de quinto de primaria realizou durante o primeiro e o segundo trimestre, diversos proxectos relacionados con este tema, como por exemplo coñecer e explorar a Antártida, fauna e flora, efectos do cambio climático, etc". Pola súa parte, a videoconferencia permitiu ao mesmo tempo dar a coñecer e promover as actividades que a base Gabriel de Castilla desenvolve na Antártida.



Durante a conexión coa Antártida os alumnos aproveitaron para preguntar diferentes cuestións e resolver dúbidas. Ademais de ver a Antártida en directo, tamén tiveron a sorte de ver saír un pingüín do mar

Máis de 70 hostaleiros participan na campaña de reciclaxe de vidro Horeca

Dende o pasado mes de xaneiro reciclar o vidro é máis doado para os hostaleiros de Melide grazas á campaña posta en marcha pola Consellería de Medio Ambiente en colaboración co Concello e Ecovidrio.

A iniciativa, denominada Horeca (hoteis, restaurantes e empresas de catering), persegue que un total de 75 hostaleiros da vila contribúan ao aumento das taxas de reciclaxe de vidro grazas á instalación de 19 novos puntos de reciclaxe (65 en todo o concello), así como á entrega de case 60 cubos con rodas aos establecementos participantes que o solicitaron para facilitarlles o transporte dos residuos de vidro aos colectores.



O colector conta cun sistema hidráulico que permite subir o cubo

O sistema é sinxelo: por un lado un cubo adaptado que emprega o hostaleiro, e por outro lado un iglú adaptado cunha nova boca de entrada moito máis grande así como un sistema hidráulico que facilita a elevación do cubo sen esforzo.

Na presentación da campaña acompañaron á alcaldesa de Melide, Dalia García, a directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, Cruz Ferreira Costa, e o xerente de Ecovidrio en Galicia, Germán Fernández.

A importancia da prevención do consumo de alcohol na adolescencia

Os alumnos de 1º da ESO do IES de Melide forman parte do grupo de 454 estudantes, pertencentes a oito centros públicos educativos galegos, que participarán na primeira edición do *Programa Proxecta: Apuntámonos a non beber!!!* promovido pola Consellería de Sanidade. O programa levarase a cabo durante os dous trimestres restantes e consta de tres fases. Na primeira realízase unha formación inicial na que se tratan temas relativos á prevención ou á dependencia, mentres que na segunda fase, de investigación, trabállase sobre diferentes anuncios publicitarios de bebidas alcohólicas, ou promoción das mesmas, co obxectivo de analizalos de forma crítica. Xa na terceira e última fase o alumnado participará nun concurso podendo optar entre realizar unha campaña de contrapublicidade ou ben facer a análise crítica dunha campaña publicitaria. Haberá premios para ambas categorías entre todos os traballos realizados nos diferentes centros. Entre os principais obxectivos desta iniciativa figuran os de atrasar a idade de inicio do consumo de alcohol na adolescencia e potenciar as habilidades para saber dicir que non ante as presións dun grupo. Pero tamén concienciar ás familias sobre a súa responsabilidade nunha educación libre de alcohol, como mínimo, ata os 18 anos (idade legal), así como fomentar unha cultura de lecer libre de alcohol.

O Pleno de Melide resolve a cesión das parcelas para o novo centro de saúde

O Pleno da corporación de Melide aprobou, en convocatoria ordinaria, os trámites urbanísticos definitivos que permiten agrupar tres parcelas nunha única de 4.968 metros cadrados, e ser cedida ao Sergas unha vez se tramiten rexistralmente os cambios catastrais necesarios, para poder construír o novo centro de saúde de Melide.

A aprobación dos últimos trámites necesarios para ceder definitivamente as parcelas nas que se construirá o ambulatorio chega días despois do anuncio do presidente da Xunta de Galicia da construción de 18 novos centros de saúde, entre os que se atopa o de Melide, de aquí ao 2020.

Logo do Pleno de ratificación do acordo de cambio de uso da terceira parcela de 1.042 metros cadrados que tivo lugar en agosto do ano pasado, unha discrepancia xurídica entre a Dirección Xeral de Urbanismo e o Concello de Melide sobre o cambio de uso do solo demorou o proceso máis do necesario ata tomar unha decisión ao respecto que satisfixera a ambas partes (Xunta e Concello), e que posibilitara xuridicamente a agrupación das fincas cos metros necesarios que reclamaban dende o Sergas para a edificación proxectada.

Segundo explicou a alcaldesa de Melide, Dalia García, "foi un expediente que se iniciou dez anos atrás neste Concello e do que o meu goberno leva recollido moita información urbanística para encadrar a edificación pretendida polo Sergas, que ten xa elaborado o proxecto básico do novo edificio do centro de saúde despois da sinatura do Convenio en marzo de 2016; e agora, tomamos a decisión de derrogar dous acordos plenarios sobre o cambio de uso xa que a entidade competente en materia de urbanismo, a Dirección Xeral, considera que dentro do planeamento urbanístico municipal xa se contempla a posibilidade de edificar un centro de saúde nesas parcelas".

García subliñou que "en todo caso este é o trámite definitivo que remata coas discrepancias xurídicas xurdidas coa Dirección Xeral de Urbanismo" arredor das parcelas.

Unha vez aprobada a delegación na alcaldía para agrupar as fincas, será o goberno local quen aprobe dita licenza como un trámite interno na Xunta de Goberno Local.



Centro de saúde de Melide e parcela onde se emprazará o novo



"Un despropósito"

Dende o PSdeG PSOE de Melide quixeron amosar a súa indignación ante os últimos trámites levados a cabo. "Agora, anos despois, danse de conta que acordos plenarios, discrepancias entre Concello e Dirección Xeral de Urbanismo, e ata a interposición pola Xunta dun recurso contencioso-administrativo contra o Concello, non foron máis que trámites absolutamente innecesarios que dilataron o proceso dende o ano 2011, a saber se por incompetencia ou intereses político-dilatorios. Asombrados e indignados son as palabras que definen como nos sentimos os socialistas de Melide, despois de comprobar que dende o ano 2012, o PP estivo burlándose de todos os melidenses. Dende aquela data, orzáronse cantidades que nunca se executaron empregando desculpas varias, pero a do asunto das parcelas foi a máis socorrida", explicou o voceiro socialista, José Prado, quen tamén engadiu que "ao final terán que construír o centro de saúde por vergoña; non son posibles tantos despropósitos".

O PSdeG esixe melloras no Camiño de Santiago ao seu paso por Melide

O grupo parlamentario do PSdeG-PSOE vén de denunciar as deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso por Melide, motivo polo que instaron ao goberno da Xunta a arranxalas en cumprimento do Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021.

Tras unha visita ao municipio por parte da deputada socialista no Parlamento galego, Begoña Rodríguez Rumbo, e o seu compañeiro José Manuel Pérez Seco, ambos puideron comprobar en primeira persoa as deficiencias detectadas. Entre outros aspectos, destacaron o mal estado de conservación na aldea de Furelos con acumulación de entullos nalgúns puntos e o mal estado do firme noutros treitos do Camiño Francés.



Acumulación de entullos a carón dun rego na aldea de Furelos

"Comprobamos que realmente unha e outra vez o goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia é un goberno de power point , un goberno de publicidade e propaganda que continuamente anuncia cantidade de cousas, pero que logo na realidade dista moito de cumprir con eses anuncios grandilocuentes que fan", indicou a deputada socialista.

Pola súa parte, o voceiro socialista municipal, José Prado, asegurou que "o concello de Melide é consciente dos problemas que hai porque llos estamos denunciando mes a mes e non fan absolutamente nada. Temos o museo cerrado e non consta nin nos indicadores de punto de interese de Melide, cando o Plan Director fala de poñer en valor o noso patrimonio e a nosa cultura; por non mencionar que a Ponte Medieval de Furelos, da que foi anunciada a súa restauración no ano 2015 a cargo do Ministerio de Fomento, a día de hoxe segue igual, sen ser posta en valor nin considerada como un dos puntos máis importantes en todo o traxecto Xacobeo".

Queixas polo estado de abandono de varias pistas



Veciños da parroquia de Cazallas denunciaron días atrás o pésimo estado de varias pistas polas que teñen que transitar a diario, feito polo que pediu explicacións no pleno ordinario de xaneiro o Partido Socialista de Melide. Segundo explicou o seu voceiro, José Antonio Prado, "que o goberno do PP non fai un bo mantemento das vías de comunicación pódese constatar, pero no caso da zona de Cazallas é realmente notorio o pésimo estado de todas as pistas". Prado afirmou que "o Goberno local ten constancia do problema dende hai tempo, pero só fai promesas de intervencións que nunca chegan, amosando unha vez máis unha incapacidade de gobernar exactamente igual á de mentir á poboación". Pola súa parte, dende o Partido Popular cualificaron de "electoralistas" as acusacións do PSOE en torno a unha situación que se atopa en proceso de contratación, como é por exemplo a senda peonil As Cazallas, entre outras.

Xavier Pazo repite como presidente da Asociación de Troiteiros Río Furelos

O pasado día 20 de xaneiro celebrouse no salón de actos do Multiusos de Melide a décimo quinta asemblea xeral ordinaria e as eleccións á xunta directiva da Asociación de Troiteiros Río Furelos, cunha participación na que estiveron presentes e representados o 71,5% dos socios. Nas eleccións á xunta directiva saíu gañadora a lista presentada por Xavier Pazo Blanco cun 58,5 % dos votos: 203 favorables, 46 en contra e 98 abstencións. Pazo repite así unha vez máis ao fronte da asociación. O vicepresidente será Jorge Pazo Sánchez e os secretarios Carlos Lamas Rodríguez e Diego González Lírio.



Xavier Pazo, no centro da imaxe, durante a asemblea e eleccións

Por outra banda e seguindo a orde do día, deuse paso á lectura e aprobación da acta anterior para continuar cun informe completo de todas as xestións levadas a cabo durante o ano 2017 pola xunta directiva. Nesta ocasión o presidente, Xavier Pazo, foi o encargado de poñer en coñecemento de todos un informe completo. De seguido foron aprobados os presupostos, a cota de socio e as actividades programadas para este ano que son as seguintes: mantemento das sinais do couto e vedados do ríos Furelos, XIII Campionato de pesca Terra de Melide (7 abril), Máster de Campións a Mosca (5 maio), pesca e ceiba (2 xuño), día do socio (1 agosto), XIV Xornadas Limpeza río Furelos (25 agosto e 1-8 setembro), Campaña "Proxecto ríos" de Adega primavera – outono, limpeza simultánea ríos de Adega, e cursos de montaxe de culleriña e moscas (sábados outubro-novembro).

Tal e como explicou Pazo "todo isto vai enmarcado no ámbito da mellora medioambiental co obxectivo de recuperar o río para todos, trátase de seguir traballando como ata o de agora e de estar pendentes dos temas que continúan parados para tratar de resolvelos canto antes". Pazo amosouse contento cos resultados a agradeceu a confianza depositada por parte dos socios.

Na actualidade a Asociación de Troiteiros Río Furelos conta con 347 socios que pagan unha cota anual de 20 euros e os coutos a un prezo reducido de 3 euros, do que están exentos de pago os maiores de 65 anos, os menores de 18 e os que acrediten estar no paro.

Bonificacións para as empresas que se instalen e xeren emprego en Melide

O Concello de Melide pasará a formar parte da iniciativa *Concellos Doing Business Galicia*, coa que se pretende fomentar a implantación e fixación de empresas nun municipio a través de certas bonificacións. Por esta razón, o goberno local de Melide presentou no último pleno a modificación de diferentes ordenanzas fiscais relacionadas directamente coa economía local, de xeito que se puidesen realizar bonificacións nos impostos ás empresas de nova implantación que creen emprego. Así, no pleno celebrado o xoves 8 de febreiro plantexouse a modificación de tres ordenanzas fiscais. A ordenanza fiscal número 1, e máis coñecida como IBI, foi unha delas. Neste caso, esta vez a bonificación será dirixida a inmobles urbanos nos que se leven a cabo actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrencia de circunstancias do fomento de emprego. Por outra banda, tamén se modificou a Ordenanza fiscal número 3, coñecida como IAE, cunha bonificación do 95%. E a terceira e última foi a Ordenanza fiscal número 4, a coñecida como ICIO que terá unha bonificación do 95% nas circunstancias onde se concorra cun especial interese ou utilidade na creación de emprego. Estas bonificacións poderán ser de ata un 95% para a creación de máis de 20 postos de emprego, dun 75% entre 11 e 20 postos, e ata un 50% por crear 10 postos de traballo. Será indispensable manter os mesmos ratios de actividade e empregabilidade durante tres exercicios consecutivos. O *Protocolo Concellos Doing Business Galicia* prevé asesoramento da Consellería de Economía e Facenda a través dunha oficina creada para tal efecto. A alcaldesa de Melide, Dalia García, explicou que "coa adhesión a este protocolo o que pretendemos é ofrecer ferramentas para que as empresas se asenten en Melide creando postos de traballo que axuden a fixar poboación na nosa vila".

Arranxan e recuperan o lavadoiro da parroquia de Pedrouzos



O Concello de Melide vén de acometer varias actuacións de mellora no lavadoiro da parroquia de Pedrouzos, que actualmente se atopaba moi deteriorado; unha actuación que se enmarca dentro do Plan de Conservación e Mantemento das parroquias que se leva executando ao longo dos últimos anos.

As obras realizadas consistiron na substitución do tellado por un novo e na mellora do firme. Canalizouse e botouse formigón á superficie para permitir o paso adecuado dos veciños e do gando. Ao mesmo tempo, tamén se recuperou a propia fonte do lavadoiro e creouse un espazo enriba dunha plataforma de cemento para colocar varios contedores: o orgánico, o de vidro e o de papel.

As últimas melloras levadas a cabo dentro deste Plan de Conservación e Mantemento das parroquias foron a limpeza e as actuacións de mellora no lavadoiro da parroquia de Cazallas e de A Garea, así como a limpeza de maleza de fontes en San Cibrao e San Martiño das Varelas. Tamén se incrementaron en diferentes parroquias as illas de cemento con contedores orgánicos, de vidro e papel.

Coa intención de que a poboación do rural teña as mesmas posibilidades en canto a reciclaxe, dende o Concello continuarase co labor de colocación de illas de cemento, as próximas no treito do Camiño de Santiago a súa entrada en Melide.

O incremento de horas no servizo de axuda a domicilio a persoas dependentes permite eliminar a lista de espera



Grazas ao aumento de horas no servizo de axuda a domicilio a persoas dependentes, que se incrementou en 187 horas, o Concello de Melide elimina a lista de espera deste servizo, na que se atopaban 9 persoas.

Na actualidade Melide contaba cun total de 2.622 horas de axuda a domicilio a persoas dependentes, pasando a ser con este aumento un total de 2.809 as horas coas que o departamento de Igualdade e Benestar do Concello de Melide atenderá a totalidade dos veciños que solicitaron este servizo no seu momento.

O aumento foi posible trala aprobación en Xunta de Goberno Local e despois de que hai uns meses a Consellería de Política Social dese luz verde a este incremento. Este aumento do horario suporá un maior financiamento para o servizo, que custará 21.322,35 euros máis ao ano.

Máis de 30 familias recibirán unha axuda de 300 euros por cada fillo nacido en 2017

Trala resolución da convocatoria de axudas municipais a prol da natalidade, no municipio de Melide serán finalmente 31 as familias beneficiadas. A contía será de 9.300 euros, que se repartirán en cantidades de 300 euros para cada familia solicitante.

Trátase dunha medida coa que dende o consistorio se pretende axudar aos veciños que tiveron fillos ao longo de 2017 e que están afincados en Melide, xa que un dos requisitos para poder optar a estas axudas era estar empadroado na vila cunha antigüidade de seis meses no momento de facer a solicitude. Dende o goberno local engadiron que nestes primeiros meses do ano 2018 convocaranse de novo as mesmas axudas.



Polémica por unha taxa municipal

Non estivo exenta de polémica esta medida xa que para sorpresa dos beneficiarios, dende o Concello solicitouse nun primeiro momento o pagamento de 15 euros en concepto de taxa pola emisión do certificado que acreditaba estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello. Finalmente, ante as protestas e as queixas dos veciños por ver reducida dalgún modo a axuda final, dende o Concello non se esixiu o pago da taxa.

Fillos menores de 3 anos

Por outra banda, a Xunta de Galicia ten aberto o prazo para solicitar a prestación económica por fillos menores de tres anos.

Deste xeito, aquelas persoas que con data de 1 de xaneiro de 2018 teñan ao seu cargo menores de tres anos (nados entre o 02/01/2015 e o 01/01/2018 incluídos) e que nin elas nin ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración do IRPF correspondente ao ano 2016, terán dereito a percibir unha prestación que consistirá nun pagamento único de 360 euros polo primeiro fillo, de 1.200 euros polo segundo e de 2.400 euros polo terceiro e sucesivos. Tamén poderán beneficiarse desta prestación aquelas persoas que teñan fillos adoptados ou acollidos entre o 31 de decembro de 2016 e o 31 de decembro de 2017.

Ademais, en todos os casos, as persoas proxenitoras deben ter a súa residencia habitual en Galicia e na data da solicitude, os nenos deben convivir coa persoa solicitante.

O prazo para presentar as solicitudes estará aberto ata o 21 de marzo de 2018. Estas presentaranse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia https://sede.xunta.gal. Tamén se poderán presentar de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo.

O Concello delega na Axencia Galega de Seguridade as probas de acceso á Policía Local

A partir de agora será a Axencia Galega de Seguridade a que se encargue dos trámites necesarios para o acceso aos corpos de policía local en Melide. A medida foi aprobada no pleno celebrado o xoves 8 de febreiro. Trátase dunha vella demanda que o Concello tiña trasladado dende hai tempo á administración autonómica, debido á necesidade de apoio na xestión das oposición de policía local. Trala petición, o Concello de Melide estaba á espera da publicación do Decreto 115/2017 de Vicepresidencia da Xunta de Galicia, no que se regula a cooperación entre a administración autonómica e a administración local neste sentido. "Xa no pleno dos orzamentos de decembro fixemos referencia a este convenio pero foi no pleno ordinario do xoves cando se aprobaron todos os informes favorables á adhesión do convenio que regula este Decreto, que foi negociado coa Federación Galega de Municipios e Provincias e que ten como eixo fundamental a xestión de todo o proceso selectivo das prazas de policía e auxiliar local que ten orzadas Melide", explicou a rexedora municipal, Dalia García. García engadiu que este paso vai "supoñer unha maior axilidade nun proceso que cargaba ao persoal municipal de maneira excesiva para non ter resultados satisfactorios". O servizo actual da policía local de Melide está cuberto con tan só tres axentes.

Novo lugar para a maquinaria da piscina municipal descuberta



As instalacións da piscina municipal descuberta situada na área recreativa do río Furelos foron obxecto de diferentes melloras. Tras revisar que todo o sistema se atopaba en bo estado deuse luz verde ao traslado da maquinaria do vaso da piscina de adultos ao exterior. Esta maquinaria atópase así agora nun novo lugar, a carón da piscina de adultos, sendo este un emprazamento máis axeitado para dito mecanismo e mellorando así o funcionamento do vaso de compensación da piscina. O lugar habilitado para albergar esta maquinaria é un pequeno caseto con illamento que foi instalado por unha empresa especializada neste tipo de traballos.

As obras permitiron a adaptación á normativa vixente. "A maiores, tras publicarse a orde da Xunta de Galicia para o fomento do emprego coa contratación de socorristas para o verán 2018, faremos os trámites pertinentes para que Melide poida contar o vindeiro verán con socorristas cofinanciados pola Xunta, tal e como aconteceu en anos anteriores", explicou Dalia García, rexedora do municipio.

A área recreativa do río Furelos conta con dous vasos piscina, un para infantil e outro para adultos.

O traslado e revisión da maquinaria da piscina municipal de adultos tivo un custe de preto de 25.000 euros.

Pacto polo clima e a enerxía

O Concello de Melide vén de aprobar a adhesión do ente local ao Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía. Despois de realizar os trámites pertinentes para formar parte deste colectivo, será a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, quen acreditada pola Unión Europea, guíe e oriente aos municipios adheridos a este plan para asumir os obxetivos europeos para 2020 en materia de clima e enerxía. Entre os obxectivos que se perseguen coa adhesión a este programa están os de reducir os niveis de CO_2 no territorio e auditar a situación medioambiental de todo o municipio.

Compromiso pola igualdade

Para expresar o compromiso na defensa da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o pleno de Melide vén de aprobar a adhesión á declaración sobre o día Internacional da Muller. Dende o goberno municipal explicaron que con esta iniciativa o que se pretende é "reafirmar un compromiso sobre a plena integración das mulleres en todas as esferas da vida, un compromiso imprescindible para conseguir un obxectivo de crecemento progresivo, solidario, igualitario e sostible na defensa da igualdade social, laboral e salarial entre homes e mulleres".

O socialista Miguel Buján volve á alcaldía de Toques

Agradece o labor do BNG e agarda rematar a lexislatura dunha forma "sensata e razoable"



Miguel Ángel Buján tivo palabras de agradecemento para todos durante a súa toma de posesión

O socialista Miguel Ángel Buján volve á alcaldía de Toques tras tomar posesión do cargo en substitución do seu socio de goberno do BNG, José Ángel Penas, tal e como acordaran tralo pacto efectuado despois dos resultados obtidos nas eleccións municipais de 2015, nas que o PSdeG conseguiu tres concelleiros e o BNG dous.

Na súa toma de posesión como alcalde, Miguel Ángel Buján mostrou a súa satisfacción ante o traballo realizado polo alcalde saínte e agradeceulle a súa implicación, "fixo un labor moi importante; colaboramos e consensuamos dende o primeiro momento, falamos moito e seguiremos así porque espero seguir contando con el e co seu equipo para que isto vaia a bo termo". Tamén tivo palabras de agradecemento para todo o equipo de goberno, para o persoal do Concello e para a oposición, de quen solicitou "seguir colaborando e axudando a que Toques continúe mellorando".

Buján asegurou ser un gran defensor do medio rural e da vida rural, e tamén pediu a colaboración de todos para continuar defendendo os valores da igualdade e seguir mantendo os servizos sociais básicos, a educación e a sanidade como piares fundamentais do municipio. "Estamos abertos a escoitar todo tipo de propostas e a colaborar, porque quero que o que queda de lexislatura sexa agradable para todos; non soamente son eu, somos unha corporación que debe ter uns obxectivos comúns", engadiu. Buján, que afronta esta nova etapa "coa maior das ilusións e con moitas ganas de traballar", asegurou "estar na política para servir".

Obxectivos de futuro

Con respecto ao futuro falou de labor continuísta para rematar a lexislatura "dunha forma razoable, sensata e sobre todo coas contas do Concello totalmente saneadas despois dunha intervención moi boa". "O que queremos é acadar obxectivos para todos. Temos un par de proxectos principais que tratar, por exemplo, temos un grave problema que é a necesidade de solo industrial porque vemos que non temos ningunha empresa e queremos facilitar o seu asentamento aquí. E despois temos outro proxecto importante que é o de San Antolín, onde queremos recuperar o mosteiro, poñelo en valor e crear un centro de visitas para atraer aos visitantes e fomentar o turismo". Miguel Ángel destacou así mesmo a necesidade de prestar maior atención ao aumento de peregrinos e afluencia de público que nos últimos tempos discorren polo Camiño Primitivo en Toques.

Balance de lexislatura

Pola súa banda, o alcalde saínte José Ángel Penas fixo balance dos dous anos e medio que estivo ao fronte do Concello, onde destacou tres aspectos fundamentais: "o primeiro, que foi un goberno de consenso político; en segundo lugar, considero que foi un goberno de boa xestión e optimización de recursos, e digo isto porque cando chegamos ao Concello a economía non estaba como a día de hoxe, senón cun pago a provedores moi superior á media do que se establece, débedas con entidades bancarias, e unha peaxe moi alta no tema da xestión da auga. Froito da boa xestión que fixemos, a día de hoxe temos máis recursos e fondos propios para poder facer investimentos en infraestruturas, cultura e, por suposto, en temas de asuntos sociais". Penas destacou por último a ambición coa que traballou o equipo de goberno á hora de acadar obxectivos complicados, e que lles permitiu, ademais de levar a cabo melloras en diversas infraestruturas, dar luz verde a proxectos estancados dende anos atrás como foi o caso da mellora na travesía do Souto ou nas curvas do Toxo, entre outros.

José Ángel Penas, que continuará o que queda de lexislatura como primeiro tenente de alcalde, centrará os seus esforzos "en seguir colaborando como ata o de agora e poder desenvolver todo o orzamento do 2018", destacando especialmente o proxecto de San Antolín e os temas de servizos sociais para paliar as posibles deficiencias xurdidas.

O PP de Santiso critica que o alcalde "se opoña á mellora" da rede de sumidoiros na parroquia de Arcediago

A voceira do grupo municipal do Partido Popular de Santiso, Matilde Pallares, vén de criticar que o alcalde e todo o seu equipo de goberno votasen en contra da moción presentada polos populares no pleno do pasado mes de decembro, na que instaban ao executivo local a incluír nos orzamentos municipais do 2018 unha partida económica necesaria para levar a cabo as obras que permitisen mellorar a rede de sumidoiros de Arcediago.

Dende o PP cualificaron a actuación de "moi necesaria" e subliñaron que "a actual rede de sumidoiros se atopa nunha situación lamentable de abandono, o que provoca que moitas vivendas non poidan conectarse á rede".

Pallares explicou que "hai tempo que os veciños sofren roturas no pavimento por onde pasa a rede, o que provoca importantes fochancas que supoñen un perigo para os viandantes e para os vehículos", e alertou tamén dos desbordamentos que se producen na fosa séptica. Dende o PP tamén denunciaron a existencia de filtracións de auga "moi xeneralizadas" ao longo de todo o trazado, "unha situación que pode estar provocando danos futuros na rede".

Ante isto, a voceira popular indicou que é "incomprensible e inxustificable o voto en contra do goberno local", e lembrou que "estamos a falar dun servizo básico que debe chegar a todos os veciños en condicións de seguridade e coa precisión oportuna". Matilde Pallares instou ao alcalde a dar explicacións aos veciños de por que non se atende dita demanda e criticou que o rexedor se escudase en que "sexan outras administracións as que se ocupen de solucionar os problemas que padece o municipio".

Orzamentos elaborados

Pola súa parte, o alcalde de Santiso, Manuel Adán, ao igual que fixera no pleno de decembro volveu a incidir no feito de que se trata dunha rede de sumidoiros con deficiencias que tamén presentan outras redes, "nin moito mellor nin moito peor que outras existentes no concello". Así mesmo, recalcou de novo que a proposta non se incluíu nos orzamentos de 2018 porque "cando viñeron coa moción xa os orzamentos estaban elaborados, entón malamente se pode incluír se o presentan tarde", explicou.

Adán quixo deixar claro o interese e a vontade que hai en arranxar a rede de sumidoiros de Arcediago, "pero o problema son os cartos; facendo unha aproximación e sen ter un proxecto detallado e a fondo a estimación é de 300.000 euros, tendo en conta que non habería que facer un novo saneamento, senón reformar un xa existente. Ante iso temos que priorizar as cousas e tratar de facelo en sitios onde nin sequera o hai".

Para o alcalde a solución pasa por acudir a Augas de Galicia e que financie o proxecto, "igual que pasa noutros concellos, se Augas de Galicia está subvencionando saneamentos e abastecementos de auga, pois que o faga tamén no noso concello, así que volvo a ofrecerme a ir da man cos concelleiros do PP a Augas de Galicia, levar un proxecto e que no lo subvencionen", concluíu.

centro auditivo



solicita tu **REVISION GRATUITA**



ÓPTICAStábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

San Valentín

Buscas un agasallo...













Floristería Maru



14 de febreiro
San Valentín

Mellor con flores

Rúa do Convento, nº 9 - 15800 MELIDE
Tlfs.: 981 507 580 - 607 507 579
www.floristeriamaru.es
floristeria.maru@gmail.com

Floristería Maru
María Cabado

Floristería Tarrío

Melide

- Produtor de toda clase de flores
- Tamén preparamos: ramos de noiva, ramos, palmas, centros, coroas, etc..
- Estamos ao seu servizo en: R/ Amador Rodríguez, 7
Tfnos: 981 50 61 64 / 981 50 59 86
666 49 38 49 / 666 49 38 50


Flor 10

Teleflora

14 de febreiro - San Valentín

Cea-baile de San Valentín
Hotel Carlos 96 - Melide







Reserva e sorprende a túa parella
Tlfn.: 981 50 76 33
Sábado 17 de febreiro 2018 (21.30 h)

Hotel Carlos
Restaurante
Melide

Ana Pontón destaca o labor realizado polo BNG no concello de Toques


Foto: BNG Toques

A portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, xunto ao deputado pola Coruña, Xosé Luís Rivas, realizou unha visita institucional ao Concello de Toques onde puxo en valor o traballo levado a cabo polo goberno local liderado ata hai unhas semanas por José Ángel Penas. En primeira persoa puido comprobar as principais actuacións impulsadas dende o goberno municipal dirixido por Penas.

Xaneiro deixa 30 persoas desempregadas máis na comarca

A comarca rexistrou unha nova suba nos datos do paro ao remate do mes de xaneiro cun total de 30 persoas desempregadas máis. Foi no municipio de Melide onde máis se notou ese ascenso con 18 novos parados, pasando así de 456 desempregados a 474. No caso de Santiso e Toques aumentou tamén de xeito leve a cifra de desempregados en 10 e 6 persoas respectivamente. No concello de Santiso o número total de parados é de 91 (81 no mes anterior), mentres que en Toques é de 61 (55 no mes anterior). Non é o caso de Sobrado, onde a taxa de paro rexistrou un pequeno descenso nas súas cifras con 4 desempregados menos, deixando así a cifra total do municipio en 72 persoas (76 no mes anterior). A comarca da Terra de Melide rematou o mes de xaneiro cun total de 698 persoas en situación de desemprego.

A tempada de pesca 2018 irá do 18 de marzo ao 31 de xullo

Así se establece na orde anual que publicou xa o Diario Oficial de Galicia (DOG) e que recolle a normativa pola que se regula a pesca das distintas especies nas augas continentais de Galicia, de acordo co previsto no Regulamento de pesca fluvial de Galicia. A grandes trazos, unha das novidades desta tempada é que se crea unha zona de adestramento de lance no Couto de Couso, para todas as persoas que teñan a licenza en vigor, e tamén se crea un réxime especial de pesca para a celebración do XXII Campionato de España Salmónidos Mosca Xuventude. Con carácter xeral, decláranse os luns como inhábiles para a pesca, agás os festivos nacionais ou autonómicos, e os xoves non festivos só se poderá practicar a pesca sen morte. En canto á troita, destacar que se establece por norma xeral a posibilidade de capturar 10 exemplares ao día e por persoa, cunha talla mínima de 19 centímetros.

Renovación dos puntos de luz no concello de Sobrado


Fotos: Concello de Sobrado

Operarios do Concello de Sobrado arranxaron nos últimos días diversos farois estragados no municipio, concretamente en O Mesón, na estrada da Lagoa e no centro urbano. Os focos de luz estaban moi deteriorados nalgúns dos casos sendo necesaria a súa renovación total.

Conservación das vías provinciais

O pleno da Deputación da Coruña aprobou a primeira fase do Plan de Conservación de Vías Provinciais para o 2018, dotado cun orzamento de 7.799.835 euros. Este programa contempla a execución de traballos de mantemento, mellora do firme e reparación de fochancas nos máis de 2.000 quilómetros de estradas cos que conta a rede viaria da Deputación. As actuacións están destinadas a mellorar as condicións de circulación, aumentar a seguridade viaria e reducir o número de sinistros. A primeira fase do Plan de Conservación de Vías Provinciais suporá un investimento de preto de 4.000 euros por quilómetro destinados integramente á reparación e mantemento das estradas dos concellos coruñeses, divididos en 36 grupos. No grupo 14 atópase a comarca Terra de Melide, á que se destinarán 181.258,13 euros para os concellos de Melide, Santiso, Sobrado e Toques.

Toques busca xuíz/a de paz

O Concello de Toques convoca un novo proceso de selección dun xuíz de paz sustituto para cubrir unha vacante. O prazo de admisión de solicitudes remata o 15 de febreiro de 2018. As solicitudes terán que dirixirse á Presidencia do Tribunal Superior de Xustiza da Coruña indicando os seguintes datos: nome e apelidos, fotocopia do DNI, idade e domicilio, tamén se xa se desempeñou o cargo de xuíz de paz ou sustituto, os méritos que se estimen oportunos e a profesión actual. Os requisitos básicos para ser xuíz de paz son: ser cidadán español, ser maior de idade, poder desempeñar funcións xudiciais, e non é necesario dispoñer do título de licenciado en Dereito.

Controis na estrada de Melide

Tal e como informou o Sector de Tráfico da Garda Civil de Galicia a vixilancia da estrada AC-840 entre Betanzos e Agolada ao seu paso por Melide, está a ser intensificada por mor dos elevados índices de sinistros rexistrados. Estase a controlar así especialmente a velocidade dos condutores e o consumo de alcohol e drogas. Segundo informou a Garda Civil, o incremento na vixilancia manterase de xeito indefinido para previr máis sinistros.

Afectados pola Rede Natura 2000

Os Concellos da comarca están a informar das axudas dispoñibles para os propietarios de terreos en zonas incluídas na Rede Natura 2000. No caso de Melide algúns dos lugares afectados son Furelos, O Leboreiro e O Meire, mentres que en Santiso inclúense Barazón, Niñodaguia, Vimianzo, Reboredo ou O Castro. Entre as actividades a subvencionar figuran algunhas como a creación de cercas, mellora e sinalización de carreiros, rehabilitación de hórreos, fontes ou preservación de ecosistemas naturais. O importe máximo para cada proxecto é de 12.000€ e o prazo para solicitar a axuda remata o 15 de febreiro (DOG nº10 do 15/01/2018).

Recollida de lixo en Sobrado

O Concello de Sobrado pon de novo en marcha unha campaña de recollida de lixo voluminoso e residuos como poden ser colchóns, sofás, mobles, etc. A recollida terá lugar o venres 16 de febreiro e para que se proceda á mesma, os interesados deberán anotarse na Casa do Concello (981 78 75 08) ata o 15 de febreiro, onde se lles informará do procedemento a seguir para o depósito do lixo. Non se admiten residuos de entullos e pneumáticos nin ningún residuo perigoso (uralita, envases contaminados, botes de pintura, garrafas de aceite, pinturas, disolventes, aceite mineral, etc).

Sesión de contos musicados en Melide

A Casa da Cultura de Melide foi lugar de encontro para os rapaces e rapazas dos tres colexios da vila, que se citaron para compartir unha sesión de contos musicados. Os encargados de poñer en marcha esta iniciativa foron os alumnos do Conservatorio de Música de Melide, que puxeron a banda sonora a dous contos populares. Xan Pérez, actor e veciño de Melide, puxo a súa voz para narrar A Carapuchiña Vermella e o Flautista de Hamelide (conto adaptado á vila).



Celebración do día da Paz

Os máis pequenos da gardería municipal de Melide apuntáronse un ano máis á celebración do día da Paz. Ao igual que en ocasións anteriores, conmemoraron este día coloreando unha pomba que finalmente empregaron para cantar diferentes cancións relacionadas coa Paz; unha actividade que na gardería aproveitaron para divertirse e aprender.



Nova edición do *Invernovespa*



Foto: Turismo Melide

Melide acolleu unha nova edición do *Invernovespa*. A Asociación Golfos Ártabros Escúter Club elixiu un ano máis este concello para a concentración de vespas. O día grande foi o domingo pero xa o sábado comezaron a chegar participantes. Os asistentes luciron as súas motos por Melide e compartiron unha comida de confraternidade nun restaurante da vila. Como novidade, este ano realizouse unha pequena recollida de alimentos non perecedoiros por parte dos participantes, alimentos que xa foron entregados aos servizos sociais do Concello de Melide para que se proceda ao seu reparto entre as familias máis necesitadas da vila.

Sete ouros para o Ayude

A Escola Ayude de Santiso desprazouse ata Noia o pasado 4 de febreiro para disputar o campionato galego de kickboxing na proba de lightcontact, xunto a outras 33 escolas de toda Galicia. Os deportistas de Ayude tiveron unha mañá de enfrontamentos intensos que deron como resultado sete clasificados ao final da tarde, e que ao remate se converteron en 7 medallas de ouro que foron para Lia Mellid, Hugo Gil, Borja Mella, Laura Ramos, Nerea Iglesias, Nahum e Aron Ayude, que conseguiron praza directa coa selección galega para acudir aos campionatos de España. Tamén competieron polas medallas os deportistas Joel Gil, Estela Lugris, Iker López e Sabela Cabado, que caeron en semifinais conseguindo un bronce. Unha moi boa actuación do Ayude que rematou con 14 deportitas, 11 medallas, 7 ouros e 4 bronces.



Arte na rúa en Sobrado



Os nenos e nenas de Sobrado participaron o pasado 23 de decembro nun obradoiro de arte urbana onde deron os seus primeiros pasos no mundo do graffiti. Arte na rúa que serviu para gozar ao aire libre dunha actividade creativa e innovadora. A formación correu a cargo da empresa Mutante Creativo.

Pero esta non foi a única actividade realizada, xa que dende o pasado domingo 21 de xaneiro desenvólvese no municipio un curso de Iniciación ao BTT (Bicicleta de Montaña) para persoas nacidas entre o 2003 e o 2009. Ademais da formación práctica na que hai saída en ruta todos os días, o contido teórico do curso abrangue primeiros auxilios, seguridade vial ou mecánica e utensilios.

A maiores, preto de 60 persoas, entre pais e nenos, puideron gozar días atrás dunha viaxe ao Silleda Park, onde a diversión foi unha constante.

ESPAZO POÉTICO



Cristina Simón Segade

Cristina Simón Segade (Vigo, 2000) é unha poetisa melidá que cursa 2º de Bacharelato no IES Melide. O poema é froito dun obradoiro sobre a obra do poeta rianxeiro Manuel Antonio (1900-1930), proposto na asignatura de Literatura Galega do século XX.

''Prestige, 15 anos.''

A Nai que arroupaba os
seus fillos
choraba polo neno morto
con un sentimento de
desgarro ao velo caer

Xa non amosaba como a
saia do seu vestido traslusor
creaba ondas de ledicia
ao ver o seu fillo xogar

A felicidade agochada
no reflexo vermello
do sol
tinxiu de cor negra
o vestido azul celeste
que sempre campaba

As estrelas brancas do
ceo escuro
de diferentes constelacións
dende a terra axudaban
a Nai a quitar o loito
con compaixón polo neno morto.

3.500 euros en premios para o Entroido nocturno

A asociación de hostalería Melide Móvese organiza para a fin de semana do 10 de febreiro un concurso de Entroido que repartirá entre os gañadores un total de 3.500 euros en premios. Trátase dunha actividade que se organiza dende este colectivo melidense co obxetivo de que o Entroido que se celebra no cerne de Galicia sexa un dos máis afamados na contorna en canto á marcha nocturna se refire. Para poder participar neste concurso de disfraces, os interesados terán que visitar todos os locais que forman parte desta iniciativa antes das 5.30h da mañá. Ao seu paso polos diferentes locais recibirán unha votación que será decisiva para o seu triunfo ou non. Os premios entregaranse ás 6h da mañá. Dende o Concello de Melide animan a todos os veciños e veciñas a participar nas festas do Entroido ao mesmo tempo que instan a todo o mundo a gozar dun ocio nocturno de maneira cívica e responsable.



II Torneo de Tenis de Mesa no concello de Toques

Trala experiencia pioneira do pasado mes de decembro, o servizo de Deportes do Concello de Toques organiza un novo campionato de tenis de mesa para dar continuidade a esta actividade, que será o sábado 24 de febreiro ás catro da tarde no pavillón polideportivo de Souto. Ao igual que na edición anterior, a participación é de balde e está aberta a todas as persoas que desexen participar. Haberá dúas ou varias categorías según a inscrición, ainda que en principio, a organización prepara dúas: infantil, para menores de 15 anos, e o resto sénior. Haberá premios para os gañadores e agasallos para todos. Os interesados en participar poden solicitar máis información no propio Concello (981 505 826).

Os 21 Do Camiño, mellor media maratón de España 2017

Os 21 Do Camiño foi elixida pola web especializada "Runedia" como a mellor media maratón de España 2017. Reciben así tal distinción por terceiro ano consecutivo, afianzándose coma unha das mellores carreiras do panorama nacional. A beleza do seu percorrido, na súa maioría Camiño de Santiago, así como a dedicación ao corredor por parte da organización, foron os aspectos máis valorados polos participantes. A media maratón Os 21 Do Camiño inclúe tramos de Melide no seu percorrido.

Ciclo de monólogos en Melide

A Casa da Cultura de Melide acollerá durante o primeiro trimestre do ano un ciclo de monólogos que contará coas actuacións dos galegos Xosé Antonio Touriñán e Pepo Suevos. A primeira actuación tivo lugar xa o venres 19 de xaneiro a cargo de Juanjo Albiña. Agora, será a quenda para Xosé Antonio Touriñán, o coñecido actor e presentador galego, que deleitará aos veciños co seu humor o venres 23 de febrero ás 21.30h. Touriñan presentará en Melide o monólogo “Manolo Lojo” que provocará sorrisos entre os asistentes. A programación do ciclo de monólogos de Melide rematará coa actuación de Pepo Suevos que ten data no calendario melidense para o sábado 24 de marzo ás 22h da noite. Suevos ten participado en series exitosas como Matabloso, Padre Casares, Mareas Vivas ou Pratos Combinados. As entradas tanto para a súa actuación como para a de Xosé Antonio Touriñán poden adquirise en Muxica Tenda Xoven (rúa do Convento, 36) e no Estanco Angarela (rúa Progreso, 9).

Xornada sobre os xogos populares

Representantes da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional de Melide vanse trasladar á Universidade de Navarra o vindeiro 16 de febreiro para participar nunha xornada sobre o xogo en xeral. Coa intervención “Jugar para vivir y el rol del juego tradicional en un mundo mediatizado por el reloj”, defenderán a idea de que os nenos de hoxe en día non teñen tempo para xogar. Tanto as actividades que realizan e promoven como a información que xira en torno ao xogo tradicional poden consultarse na páxina web da asociación: www.agxpt.gal.

ENTROIDO NA COMARCA

MELIDE

O Concello de Melide repartirá máis de 2.500 euros en premios no Entroido, que terá o seu día grande na vila o martes 13 de febreiro a partir das 16.30 horas no Cantón de San Roque (data límite para inscribirse no concurso de disfraces). En total repartiranse 2.650 euros entre comparsas, grupos, individuais e parellas. A novidade de este ano radica en que será o humorista galego Isi Rodríguez o encargado de presentar e conducir o concurso de disfraces no Palacio de Congresos a partir das 18.30 horas. A maiores do desfile e do concurso, o venres 9 de febreiro celebrarase un concerto de Entroido interpretado polo alumnado e profesorado do conservatorio de música de Melide que terá lugar na Casa da Cultura a partir das 20.30 horas. Xa o domingo día 11 está prevista unha festa infantil con multitude de actividades para os máis pequenos a partir das 17.30 horas no Palacio de Congresos.

SANTISO

No concello de Santiso o Entroido celebrarase o domingo 11 de febreiro no pavillón de Arcediago a partir das cinco da tarde. Entre as actividades a destacar, un concurso gastronómico de filloas, orellas, flores e rosquillas, e o tradicional concurso de disfraces. Ademais haberá festa de animación e inchable.

VISANTOÑA

Pola súa parte, en Visantoña será a asociación O Noso Lar a encargada de organizar un desfile de Entroido o sábado 10 de febreiro con saída ás 17.00 horas dende o local social de Seoane ata o pazo Vilar de Ferreiros. Para rematar, todos aqueles que o desexen poderán gozar da Gran Cea de Entroido que organiza o Pazo de Vilar de Ferreiros, previa reserva e por un prezo de 25 euros.

SOBRADO

Para os veciños de Sobrado a festa de Entroido terá lugar o domingo 11 de febreiro. Ás 13.30 horas haberá "pasarrúas" e actuación musical e xa pola tarde a partir das 17.00 horas dará comezo o festival de Entroido con xogos para os máis cativos, animación musical e o tradicional concurso de disfraces con máis de 700 euros en premios. Ao finalizar o concurso haberá unha gran "chocolatada" para todos os asistentes. Así mesmo, nos locais de hostalería de Sobrado haberá degustación de produtos típicos de Entroido.

TOQUES

O Concello de Toques organiza, en colaboración coa Anpa CEIP Toques, un desfile e concurso de disfraces para o sábado día 10 de febreiro a partir das catro da tarde. Será no pavillón de Souto e haberá importantes premios (ata 600 euros), xogos de animación e degustación de produtos típicos.





Contamos contigo para darlle novos azos ao Entroido melidense

Asociación Veciñal Melidá


Primeira festa organizada por Curuxás no ano 2004

Neste 2018, cumpriranse catorce anos dende que a Asociación Cultural e Ecoloxista Curuxás decidira meterlle un pulo de ilusión e mocidade á festa tradicional do Entroido melidense, dándolle un necesario relevo xeracional. Si, foi alá polo 2004 que un grupo de mozos e mozas tomaron as rendas dunha celebración que aínda galopa brava, hoxe en día, a pesares da manifesta falta de apoios que arrastra.

Aquel ano, Curuxás, facendo honra á lenda rebelde do guerrilleiro que lle deu nome, queimaba un cacique na praza das Coles, espazo propicio para os sacrificios onde, a partir de entón, inmolaríanse aqueles personaxes que a xustiza popular condena en xuízos sumarísimos diante dunha cunca de viño nas tabernas ou de palique co veciño.

Da monarquía á Duquesa de Alba, de Urdangarín a Cristiano Ronaldo, pasando inevitablemente por un Donald Trump que define os anómalos tempos que corren, o Entroido melidense eríxese, grazas ao esforzo insubornable de Curuxás, como a festa iconoclasta e contestataria que é. Para dar fe de tan alto cometido, nada mellor que as coplas de escarnio que preceden ao lume xusticeiro: aceleradas ou tardas, desafinadas ou perfectas coma un reloxo suízo, as palabras esa noite vibran con gume de retranca para non deixar ninguén sen unha merecida sentenza de rexouba e mofa.

Cun pasarrúas o sábado e a lectura de coplas e queima do martes, o Entroido melidense avanza con paso seguro cara ao seu terceiro lustro e, paseniño, cara á maioría de idade. E faino, moitas veces, contra o vento e a marea da indiferenza, a pesares do balbordo enxordecedor dun outro carnaval do que non tivemos noticia nestas terras até hai ben pouco: ese curmán esquecido da familia emigrada no Brasil e nas Canarias desembarcou un día en terras galegas para impoñer o seu espectáculo grandilocuente de neon e cartón pedra. Nada que obxectar e moito para celebrar, sen dúbida; pero esa fastosidade impídenos ver, decotío, máis alá da súa cegadora luz. E máis alá segue latexando con toda a súa forza a enxebreza singular o Entroido melidense, vivo coma nunca, vivo coma sempre.

Chamamento para apoiar o pasarrúas do sábado

Dende a Asociación Veciñal Melidá, fieis aos principios que impulsaron o noso nacemento, decidimos por unanimidade apoiar o Entroido tradicional en Melide. E farémolo acompañando a lectura de coplas e a queima do martes con chocolate quente, filloas e viño para todos aqueles e todas aquelas que aínda credes nesta festa. Tamén organizamos un concurso no que as persoas que adiviñen a identidade do personaxe que arderá o martes na praza das Coles entrarán no concurso dunha cea para dúas persoas en Casa Alongos.

Pero, quizais, o que máis ilusión nos fai é a de ter a honra de poder ir de comparsa no pasarrúas do sábado. A iso nos comprometemos coa Asociación Cultural e Ecoloxista Curuxás: a facer vulto, a armar rebumbio, a disfrazarnos cos farrapos máis insultantes e charramangueiros que atopemos. E, dende a Asociación Veciñal Melidá, gustaríanos que este compromiso noso sexa, tamén, unha invitación para ti. Contra máis sexamos, máis vivo estará este Entroido que merece vivir non mil primaveras máis, senón as que o corpo aguante. Ese é o espírito, e sen a túa participación nin é nin será posible.

Se prefires as gaitas ás charangas, o lume aos focos, a festa retranqueira aos desfiles pomposos, o viño e as filloas á comida lixo ou o Entroido ao carnaval, entón es da nosa xente. Agardámoste!

---

140 Aniversario da Banda de Música de Visantoña. Capítulo IV

Xosé Núñez, escritor e Presidente de Honra da Asociación Cultural Banda-Escola de Visantoña

Dedicado a:
Xosé López Bermúdez e
Xesús Amboaxe Curros

Tal e como adiantamos en números anteriores do Cerne, neste capítulo contaremos a historia do músico que relevou na dirección da banda a Manuel Sánchez Balboa, e que foi Xosé Lopez Bermúdez.

Durante o verán de 1946 dirixiu provisionalmente a banda popular de música de Visantoña Xosé García Sánchez, coñecido por "Xoseíño", que era da parroquia de San Román; pero como era necesario atopar un novo director fixo, foron probados dous músicos: Ramón Otero procedente da Banda Municipal de Santiago, e outro apelidado Aradas, brigada da Banda Militar de Música. Mais con ningún deles se deu acadado acordo para que se quedaran.

Nesta etapa sen director fixo colleu a batuta Gumersindo Vales Mosquera, músico da parroquia de San Román, quen ingresara na banda aos 11 anos de idade. Pero como tampouco puido continuar fíxose cargo da súa dirección Xosé López Bermúdez, neto por vía paterna do fundador Ramón López Soto e fillo de Agustín López Curros, que continuaba tocando na mesma.

Durante os cinco anos que Xosé López Bermúdez exerceu como director produciuse unha segunda escisión ao marcharse de novo os músicos de San Román; esta vez para formar unha orquestra, por parecerlles que gañarían mais cartos, e á que denominaron "La Romántica"; pero ao cambiar de director tamén cambiou de nome pasando a chamarse "Melodías".

A pesar de quedar moi minguada a Banda de Música de Visantoña cun número de músicos que non chegaba a vinte, Xosé López Bermúdez non se acovardou e seguiu loitando por mantela a flote ata o ano 1952, que decidiu emigrar a Bilbao, en cuxa banda municipal de música ingresou case de inmediato e na que permaneceu ata acadar a xubilación na mesma.

Dada a súa dedicación á música, no Cerne do mes de abril do ano 2016 foi publicado o seu pasamento en Bilbao o día 5 de marzo dese mesmo ano á idade de 93 anos.

NOVO DITECTOR. Xesús Amboaxe Curros, da parroquia de Ribadulla, fillo e neto de músicos, tan só dirixiu a Banda de Música de Visantoña durante o ano 1953 por haber gañado a oposición á Banda de Música Militar do Ministerio do Exército en Madrid, acadando nela o grao de Tenente Subdirector e xubilándose na mesma.

Pero este músico, aínda que só dirixiu a banda de Visantoña durante un ano, ten unha historia musical moi interesante que vale a pena contar e recordar, xa que con só 11 anos de idade debutou na banda de Visantoña, na que tamén tocaba o seu pai Manuel, sendo na festa do San Antonio de Visantoña onde tocou por primeira vez e compartindo o soldo de 20 pesetas con Pepe de Sánchez.

Tamén foi tocar a Dormeá-Boimorto sen soldo, ou sexa, como sobrante, aínda que despois pagáronlle. Pero de volta, como era tan novo, atopouse tan esgotado que o seu compañeiro Ramón Sánchez Curros ao velo tan cansado díxolle que ían descansar un pouco nun alpendre de Riocobo, aínda que tiveron que botarse a andar de novo moi cedo co fin de chegar a tempo para ir á escola de Ribadulla que comezaba ás dez. Despois foi tocar a Ferreiros, máis abaixo de Arzúa, recordando que fixera o camiño andando de volta co director Manuel Sánchez Balboa, e dí Xesús que, "Sánchez por vello e eu por neno", terminaron moi cansados.

Como Xesús Amboaxe Curros acadara a suficiente categoría no eido da música, unha vez xubilado como Tenente Subdirector do Ministerio do Exército foi chamado para dirixir dúas bandas populares de música: a de A Baíña e a de Santa Cruz de Ribadulla; e sendo director da de A Baíña pasoulle a seguinte anécdota que vale a pena inserir aquí polo curiosa e familiar que foi. O caso é que chamaron para a festa da Santa Filomena de Ribadulla á banda de A Baíña e á de Visantoña. A de A Baíña chegou antes ao campo da festa e colocaron os instrumentos enriba dun palco que resultou ser o mellor dos dous que había, e cando chegou alí a de Visantoña, na que tocaba seu pai Manuel, este foi un dos que máis protestou en contra da de A Baíña (que dirixía o seu fillo) dicindo incluso que "se era necesario darlle unha patada no cu a alguén que lla daría", frase que todos sabían que se refería ao seu fillo. As cousas non pasaron a maiores e a festa celebrouse en paz.

Curiosamente deuse a circunstancia de que ao ano seguinte Xesús pasou a dirixir a banda de Vinsantoña na que seguía tocando o seu pai Manuel; pero a coexistencia, pese ao carácter temperamental de pai e fillo, foi totalmente pacífica.

ALBERTO SEOANE MATO, FROITARÍA DISFRUTA

“Gústanos escoller persoalmente a mercancía para ter os mellores produtos”

Os mellores produtos e o máis frescos posible, iso é o que predomina na froitaría que rexenta Alberto Seoane en Melide: Disfruta. Un negocio que ademais de contar con produción propia en canto a hortalizas, tamén incorpora produtos da terra, feito que lle asegura vender unha mercancía de óptima calidade. Que lle gusta o seu traballo queda reflectido no esforzo e tempo que inviste no seu comercio, xa que ademais de escoller persoalmente o xénero, reparten a domicilio e tamén a establecementos hosteleiros. O mellor para el, a fidelidade e a satisfacción dos seus clientes.

.- Veñen de cumprir o seu primeiro aniversario. Que balance fan?
.- Alberto Seoane (A.S.): Si, en decembro pasado cumprimos un ano, digo cumprimos porque tamén me axuda a miña irmá. E o balance a verdade é que é moi positivo. Vendo como están as cousas e os tempos nos que nos movemos, agradecidos e contentos coa acollida. É certo que a xente axuda moito aos negocios que comezan e eu estou moi contento cos meus clientes, sentinme moi arroupado.

.- Froitas, verdura..., que máis podemos atopar en Disfruta?
.- A.S.: Ademais do evidente como a froita, tanto a típica de temporada como a outra, tamén hortalizas de todo tipo. Se ben é certo que temos a nosa produción propia, destacar que tamén temos varias persoas de aquí da zona ás que lles collemos outros produtos como por exemplo poden ser o repolo ou as leitugas. Ten en conta que a maior parte do que vendemos son produtos da zona. A maiores na tenda tamén dispoñemos de froitos secos, noces do país ao longo de todo o ano, e pan entre outras cousas.

.- Teñen servizo a domicilio?
.- A.S.: Si, en Melide e arredores. Por poñer un exemplo, toda esa xente que ao mellor non conta con coche ou transporte cando o necesita, sobre todo nas aldeas, realizan o pedido e despois nós levámosllo as súas casas no día. E tamén servimos aos bares, mándanme o pedido por WhatsApp e ao longo da tarde ou xa á noite levámosllo ao establecemento.

.- Dicíame que mercan algúns dos produtos en Melide. Hai boa materia no municipio?



Alberto Seoane na froitaría que rexenta en Melide, e que abre as súas portas todos os días

“A xente que non pode vir a mercar fai o pedido e no mesmo día levámosllo a casa”

“Temos a nosa propia produción pero tamén lle mercamos a xente de Melide”

.- A.S.: Moi boa a verdade. A xente á que nós lle mercamos ten produtos de moi boa calidade, iso é indiscutible, e nótase logo á hora de vender porque a xente quere mercar bos produtos.

.- Que produtos teñen máis saída?
.- A.S.: Agora o que máis se vende é a laranxa ecolóxica, porque é produto de temporada. E tamén se nota un aumento na venda de froita xusto despois do Nadal. Logo no inverno en xeral depende do tempo que faga, pero o que máis se vende é o repolo, verzas, nabizas e agora que comeza o entroido os grelos. E iso si, a leituga tamén se vende moito no inverno, aínda que faga mal tempo a xente consume bastante ese tipo de verdura. Despois en épocas máis cálidas como o verán ou a primavera a xente consume sobre todo froita de temporada. Por poñer un exemplo, no mes de maio veñen as cereixas e á xente gústalle moito telas frescas.

.- É complicado xestionar unha froitaría?
.- A.S.: Non, co tempo xa vas calculando. A ver, nós por exemplo compramos toda a froita nun almacén en Lugo que nos reparte tres veces á semana e, por exemplo, nun momento no que non calcules ben a froita e ao mellor non che chegue, ti podes ir en calquera momento do día ou da tarde ao almacén e comprala e traela ti. Iso sempre che asegura a cantidade necesaria e un produto fresco. Ademais a nós gústanos ir alí porque así ti escolles o produto da túa man e sabes perfectamente o que traes procurando ter os produtos frescos todos os días.

.- E se sobra moita cantidade?
.- A.S.: A verdade é que, sobre todo nesta época, o que ocorre é que máis ben nos quedamos escasos. No verán pode ser que pase algunha vez, pero neste tempo é raro. E en caso de que sobre algo non se perde, porque sabendo que está en perfectas condicións ponse a un prezo máis económico e véndese sen problema.

.- A modo de curiosidade, que cantidade de mercadoría pode chegar a vender nun día?
.- A.S.: É complicado darche un dato porque depende de moitos factores, pero facendo unha estimación para poñerche un exemplo, de laranxa ecolóxica podemos chegar a vender 300 quilos ao día. Nesta época é un dos produtos que máis vendemos.

.- Que destacaría do seu traballo?
.- A.S.: O trato coa xente, e sobre todo coa xente maior. Gústalles falar contigo e contarche as súas anécdotas. E ademais son clientes moi fieis. No lado oposto destacaría o feito de que non podes desconectar en ningún momento. Como en moitos traballos, aquí non libras ningún día á semana, e xa non só é o feito de estar aquí, senón que tes que traer a froita, tes que xestionar os pedidos, tes que pensar un pouco en todo. E claro, ao final é un traballo esixente, pero tamén agradecido porque hai persoas ás que os produtos lles gustan tanto que incluso veñen a dicircho. A súa satisfacción compensa todo o demais.

Disfruta
Tlf: 639 08 50 87
Ronda da Coruña, 18


FINE QUALITY
mercamelide
PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS DE MELIDE
SÁBADO 17 FEBREIRO
DOMINGO 18 FEBREIRO
GRANDES DESCONTOS
PRIMEIRAS CALIDADES
PREZOS REDUCIDOS
FOGAR | MOBLE | MENAXE | DECORACIÓN | DEPORTES
MERCERÍA | PERFUMERÍA | ELECTRODOMÉSTICOS
AUTOMOCIÓN | CALZADO | MODA
LENCERÍA | COMPLEMENTOS
SÁBADO ACTIVIDADES
INFANTÍS DENDE ÁS 12:00H:
TORO MECÁNICO
OBRADOIRO DE PIZZAS E MARIONETAS
DEGUSTACIÓN DE CHOCOLATE E
UNHA LARPEIRADA (realizada polos membros da Asoc. Repost. Melide Terra Doce)
SORTEO DE 3 VALES
DE COMPRA POR VALOR DE
500€,
SÁBADO ÁS 19:00H
DOMINGO ÁS 14:00H. + 19:00H
comercio de melide
tes de todo
ASETEM
Concello de Melide
Concellería de Promoción Económica
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA.
Dirección xeral de comercio.
Deputación DA CORUÑA
SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE